

Acta da reunión do Consello de Departamento

ASISTENTES

Blanco Fernández, Yolanda
Caciro Rodríguez, Manuel
Costa Montenegro, Enrique
Díaz Redondo, Rebeca P.
Fernández Iglesias, Manuel J.
Fernández Veiga, Manuel
Fernández Vilas, Ana
García Duque, Jorge
Gil Castiñeira, Felipe J.
Gil Solla, Alberto
Llamas Nistal, Martín
López Bravo, Cristina
López García, Cándido A.
López Nores, Martín
Mikić Fonte, Fernando A.
Pazos Arias, José J.
Ramos Cabrer, Manuel
Rodríguez Hernández, Pedro S.
Rodríguez Pérez, Miguel
Rodríguez Rubio, Raúl F.
Suárez González, Andrés

ESCUSAN ASISTENCIA

Anido Rifón, Luis E.
Lago Ramilo, Marcos
Sousa Viciara, Estela

Acta da sesión ordinaria do Consello de Departamento de Enxeñaría Telemática de 13 de xullo de 2018, convocada para as 12:00 horas en primeira convocatoria e para as 12:30 horas en segunda convocatoria na sala de xuntas da E.E. de Telecomunicación.

O venres 13 de xullo de 2018 ás 12:35 horas deu comezo a reunión ordinaria do Consello de Departamento co obxecto de trata-los seguintes puntos do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, de actas anteriores.

Apróbase, por asentimento, a acta do día 4 de xullo de 2018.

2. Informe do Director.

O Director informou sobre os resultados do *pentesting* realizado pola empresa Inprosec, salientando a existencia de diferentes ocos de seguridade nas aplicacións web do Departamento, e recomendando que se tomen as medidas oportunas para tentar arranxalos.

3. Aprobación, se procede, da compra de equipamento electrónico para a dotación do laboratorio que se empregará no Máster en Ciberseguridade, con cargo ao orzamento do DET para funxible de laboratorios.

A dirección propón que se aprobe a compra de 4 *switches refurbished Catalyst 2960* (cun custo de 895.4 euros, IVE incluído) para as materias “Seguridade en comunicacións” e “Redes seguras” do Máster en Ciberseguridade, con cargo ao orzamento que ten o DET para funxible de laboratorios (cuxa asignación ascende a 4480 euros), só no caso de que finalmente a Escola non asuma o devandito gasto. Apróbase a proposta por asentimento.

4. Asuntos de trámite.

O director do Departamento informa que en setembro cesará no seu cargo, feito que se notificará á Secretaría do centro para que se tomen as medidas oportunas. A desgravación docente corresponde será descontada da docencia sobrevida que o profesor Raúl F. Rodríguez Rubio ten aínda pendente.

5. Rogos e preguntas.

Non hai.

Sen mais asuntos que tratar, levántase a sesión ás 12:43 do día 13 de xullo de 2018, da que eu como Secretaria do Departamento dou fe co visto bo do Director.

O Director do Departamento

A Secretaria do Departamento

Dr. D. Raúl F. Rodríguez Rubio

Dra. D^a. Yolanda Blanco Fernández